

ACTA N.º 3/2015
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE FEBREIRO DE
2015

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO: APROBACIÓN DEFINITIVA

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

I.4.- ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

I.5.- ORDENANZA MUNICIPAL DE CONVIVENCIA CIDADÁ E ORNATO PÚBLICO DO CONCELLO DE NIGRÁN

I.6.- PLAN DE BECAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN

I.7.- REDACCIÓN DUN ESTUDIO PARA DETERMINAR A VIABILIDADE DUN COMPLEXO DEPORTIVO NO EQUIPAMENTO MUNICIPAL NO S.A.U. 9 DE PORTO DO MOLLE

I.8.- MOCIÓNS DE URXENCIA:

I.8.1.- CAMBIO DE USO DO EQUIPAMENTO DP-15 (COTROS): DE DOCENTE PÚBLICO A SOCIO-CULTURAL PÚBLICO.

I.8.2.-TEXTO DEFINITIVO DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E O DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014

II.3.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDO AO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorroto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández
- D. Antonio Souto Martínez
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
- D.^a M.^a Dolores Martínez Losada

- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas
- D.^a Ana Pérez Pérez
- MIXTO:
 - D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito:
 - D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 26 de febreiro de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 01:30 do 27 de febreiro de 2015
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- *Membros da Corporación que abandonan a sesión, e momento en que o fan:* D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte, no punto II.4 cando se formulaban as últimas preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 27 de xaneiro de 2015

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 27 de xaneiro de 2015 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO: APROBACIÓN DEFINITIVA

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de febreiro de 2015, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a reclamación formulada por dona Patricia Gómez Costas, Presidenta da “Asociación veciñal e cultural Chandebrito 1807”, no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Considerando que na reclamación citada non se indica ningún motivo legal ou xurisprudencial que impida ou cuestione a legalidade da modificación en trámite da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Considerando que a reclamación citada fai referencias, xenéricas ou puntuais, a diversos aspectos de conveniencia, de oportunidade, etc.

Considerando que a modificación en trámite da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo axústase plenamente ao establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Desestimar integramente a reclamación formulada por dona Patricia Gómez Costas, Presidenta da “Asociación veciñal e cultural Chandebrito 1807” á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Terceiro.- Notificar este acordo á reclamante, indicándolle que contra o mesmo so se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen legalmente procedente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: Trátase de valorar as alegacións presentadas. Repasa a tramitación seguida neste procedemento desde o comezo, pasando pola aprobación inicial e continuando polo trámite de información pública. Esta última remataba o 29 de decembro, data na que se presentou a alegación que se analiza. Votarán en contra da mesma entendendo que a ordenanza aprobada é axeitada. Se alguén houbese querido melloralala puido presentar alegacións con prazo suficiente para poder tratalas con xeito. Pensa que neste caso o que se pretendía era prexudicar a iniciativa do goberno.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: O PSOE fixo a súa proposta, que foi rexeitada polo partido popular. O que pretendía o seu grupo era que non pagasen menos os que mais teñen, sen ningún proveito para os pequenos empresarios. Ademais, rebaixaba pouco mais de 2 euros ao ano ás vivendas unifamiliares. Pensaban que esa rebaixa non era necesaria, pero si darlles un mellor trato aos mais necesitados, exonerándoos do pago. Tamén pedían rebaixas para pequenos comerciantes e pequenas empresas. Opuxéronse a rebaixas do 40% a empresas grandes e actividades sanitarias, clínicas e farmacias. A proposta do goberno saíu adiante co voto de calidade do Alcalde. Non se pode criticar a quen alega en tempo e forma. Esta aprobación, dado que non terá efectos ata o ano que ven, debería decidila a nova Corporación. Pensa que a alegación quédase curta, pero non votarán en contra dela. Se gobernan na próxima lexislatura modificarana.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: O asunto é se a alegación é ou non lóxica, e se mellora ou non a ordenanza. Na alegación hai cousas de sentido común. Así, o cambio de epígrafe dos almacéns e outros. Non se entende a redución prevista para as empresas sanitarias. Ademais, non son os únicos que deben ter xestor de residuos. Hai rebaixas a industrias, que non aparecen xustificadas. Por outra parte, tamén é razoable homoxeneizar os tramos de superficies. Votaran en contra da desestimación da reclamación.

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Non se pode criminalizar a quen presenta unha alegación en tempo e forma. O goberno non cre nas asociacións veciñais. Neste caso, a alegante fixo un esforzo para presentar a súa iniciativa. A culpa foi do goberno por traer tarde o asunto ao Pleno. O goberno fixo unha selección na rebaixa, sen un criterio xeral. Debería ser unha nova Corporación a que se pronuncie. Propón deixar o asunto sobre a mesa por esa razón.

Sr. García Pazos: A rebaixa proposta na ordenanza para certas actividades obedece a que teñen que contar cun xestor autorizado. No que se refire ás escalas por superficie, melloran a tributación de moitos afectados. Por outra parte, os bonos sociais son dunha xestión moi complexa. Ademais, para calcular a situación económica tamén se teñen en conta as propiedades. As alegacións pódense presentar no prazo, pero se se quere que se apliquen para beneficiar á xente hai que facelo axeitadamente. O que se conseguiu foi manter a mala situación anterior, en prexuízo dos veciños.

Sr. González Pérez: Defenden o que consideran mellor para os veciños. Benvidas as dificultades se con elas se pode favorecer aos que o necesitan. A que está vixente non é a peor para a xente en xeral, senón para aqueles a quen beneficiada a que se quería aprobar. É lóxico que se pida que o asunto neste momento quede sobre a mesa.

Sr. Fernández Comesaña: Traendo o asunto ao pleno con tempo púidose evitar esta situación.

Hai demagogia por parte do goberno ao traer agora unha rebaixa en época electoral, cando ata agora subiron os tributos sen consideración, e a pesar da crise.

Sr. Alcalde-Presidente: O Pleno decidiu democraticamente rexeitar a proposta do PSOE. O que se fixo foi racionalizar rangos de superficies, por un lado. Por outro, talleres, naves e industrias, en moitos casos, non son grandes empresas. Ademais teñen a obriga de reciclar, por iso se lles rebaixa. É dicir, trátase de non cobrarlle por aquilo que non depositan no contedor. A xente si ten problemas para pagar e por iso a rebaixa prevista iba a beneficiar aos veciños. O PSOE subiu o recibo dúas veces na súa lexislatura. Do que se trata é de garantir que no 2016 non se siga aplicando a actual ordenanza, claramente prexudicial. A alegación parece que non ve mal rebaixas, incluso para os bancos. O prexuízo derivado da alegación foi impedir que cambiase a ordenanza vixente por outra mais beneficiosa para os veciños. Aínda así pensa que a ordenanza é mellorable, pero, cando menos, trátase de garantir a opción menos mala.

Votación e acordo sobre a petición de deixar o asunto sobre a Mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación ordinaria (art. 100.2 do ROF), co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello rexeita deixar o asunto sobre a Mesa.

Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación ordinaria (art. 100.2 do ROF), co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr.

Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

A) Ditame da Comisión Informativa

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de febreiro de 2015, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

Visto o indicado nunha proposta desta Alcaldía, do día 13.02.2015, referida á modificación parcial do artigo 5 da ordenanza fiscal citada.

Visto o indicado nun informe do Interventor Xeral neste Concello, do día 17.02.2015, referencia T 21/15.

Considerando máis adecuado simplificar as tarifas da ordenanza fiscal para os “Dereitos de conexión” á rede de subministración de auga potable e á rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, e reducir os importes en vigor en concepto de “Dereitos de conexión” ás redes citadas.

Esta Alcaldía propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais; modificación que afectaría ao artigo 5 da citada ordenanza, que quedaría redactado da seguinte forma:

Artigo 5.- Cuota tributaria.

Será o resultado da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

Tarifa I.- Servizo de subministración de auga potable.

Código	Concepto	Cuota (€)
1	Tarifa por dereitos de conexión á rede xeral:	
1.1	Por cada autorización de conexión	150,00

2	Tarifa trimestral por consumo de auga:	
2.1	Por cada m3 facturado até 60 m3, como mínimo por abonado	0,49
2.2	Por cada m3 facturado que exceda de 60 m3 e até 105 m3	0,77
2.3	Por cada m3 facturado que exceda de 105 m3	1,18

Nos supostos de edificios que contén con varias vivendas ou locais comerciais o importe da tarifa establecida no parágrafo 1.1 será o resultado de multiplicar a cuota polo número de vivendas e locais comerciais; debendo contar cada vivenda ou local comercial cun contador independente.

Se a rede da que se toma a auga fora financiada en parte con contribucións especiais, a cuota por dereitos de conexión reducirase nunha cantidade igual á das contribucións especiais satisfeitas, sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Tarifa II.- Servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

Código	Concepto	Cuota (€)
1	Tarifa por dereitos de conexión á rede xeral:	
1.1	Por cada autorización de conexión	150,00
2	Prestación do servizo:	
2.1	A cuota tributaria trimestral será do 27 % da facturación municipal de cada trimestre pola prestación do servizo de abastecemento de auga (excluídos o IVA e o canon de saneamento da Xunta de Galicia).	
2.2	Os suxeitos pasivos que carezan do servizo municipal de abastecemento de auga, tributarán pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cunha taxa equivalente ao 27 % da cuota mínima por consumo, da taxa polo servizo de abastecemento de auga.	

Segundo.- Expoñer ao público o expediente administrado de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncios no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello: www.nigran.org. Se no prazo citado non foran presentadas reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisorio sen necesidade de novo acordo plenario en tal sentido; e, de presentarse reclamacións no prazo citado, requirirase acordo do Concello Pleno resolvendo as reclamacións e aprobando definitivamente a modificación da ordenanza fiscal indicada.

B) Emenda do Concelleiro Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto

ENMENDA MEDIANTE PROPOSTA ALTERNATIVA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS

Proposta que se somete ao Concello Pleno para a adopción do seguinte acordo:

ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA

Será o resultado da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

Tarifa I.- Servizo de subministración de auga potable

Código	Concepto	Cuota (€)
1	<i>Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral (en función da superficie construída de cada inmoble):</i>	
1.1	Por cada vivenda até 155 m ²	2,00 €/m ²
1.2	Por cada vivenda de máis de 150 m ²	2,50 €/m ²
1.3	Por cada local comercial	3,00 €/m ²
1.4	Por cada local destinado a hostalería, industria e outros usos.	3,50 €/m ²
2	<i>Tarifa trimestral por consumo de auga:</i>	
2.1	Por cada m ³ facturado até 60 m ³ , como mínimo por abonado	0,49 €
2.2	Por cada m ³ facturado que exceda de 60 m ³ e até 150 m ³	0,77 €
2.3	Por cada m ³ facturado que exceda de 150 m ³	1,18 €

Nos supostos de edificacións que contén con varias vivendas ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos sen especificar o importe da tarifa por dereitos de conexión establecida nos códigos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 será o resultado de sumar as cuotas correspondentes polo número de vivendas e locais, debendo contar cada vivenda ou local cun contador independente.

O importe máximo a pagar por cada vivenda, local, industria ou similar, será de 1.000€.

Se a rede da que se tome a auga fora financiada en parte con contribucións especiais, ou aportacións veciñais, a cuota por dereitos de conexións reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou aportacións satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Tarifa II. - Servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais

Código	Concepto	Cuota (€)
1	<i>Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral (en función da superficie construída de cada inmoble):</i>	
1.1	Por cada vivenda até 150 m ²	2,00 €/m ²
1.2	Por cada vivenda de máis de 150 m ²	2,50 €/m ²
1.3	Por cada local comercial	3,00 €/m ²
1.4	Por cada local destinado a hostalería, industria e outros usos.	3,50 €/m ²
2	<i>Tarifa por prestación do servizo:</i>	

- 2.1 A cuota tributaria trimestral será do 27% da facturación municipal de cada trimestre pola prestación do servizo de abastecemento de auga (excluídos IVA e o canon de saneamento da Xunta).
- 2.2 Os suxeitos pasivos que carezan do servizo municipal de abastecemento de auga, tributarán pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cunha taxa equivalente ao 27 % da cuota mínima por consumo da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

Nos supostos de edificacións que contén con varias vivendas ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos, o importe da tarifa establecida nos códigos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 será o resultado de sumar as cuotas correspondentes polo número de vivendas e locais.

O importe máximo a pagar por cada vivenda, local, industria ou similar, será de 1.000€.

Se a rede de sumidoiros fora financiada en parte con contribucións especiais, ou aportacións veciñais, a cuota por dereitos de conexións reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou aportacións satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Aquelas autorizacións de conexións de saneamento que precisen de bombeo por estar situados os inmobles nunha cota inferior a rede municipal de sumidoiros terán unha redución do 80% da cota de conexión.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, nun dos xomais de maior difusión na provincia, no taboero de anuncios e na páxina web desde concello: www.nigran.org. Se no prazo citado non foran presentadas reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisorio sen necesidade de novo acordo plenario en tal sentido; e, de presentarse reclamacións no prazo citado, requirirase acordo do Concello Pleno resolvendo as reclamacións e aprobando definitivamente a modificación da ordenanza fiscal indicada.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: O esforzo dos veciños permitiu resolver problemas económicos municipais. É hora de compensar aos cidadáns, arranxando disfuncións coma a que se observa nesta taxa. O custe é desmesurado tendo en conta que se retribúe un traballo administrativo, que é igual para diversos supostos de conexións. Pide apoio para a iniciativa.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Estamos en período preelectoral e iso non quere dicir que a rebaixa non sexa necesaria, pero hai que ser prudentes coas rebaixas porque o Concello tamén necesita financiarse. Pídelle ao Sr. Fernández Comesaña que explique a emenda que acaba de presentar.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: Non está de acordo con este tipo de reformas. Non é certo que se rebaixe para todos igual, segundo a documentación da que el dispón. En non está na Comisión de Facenda, así que se agora se lle di que hai unha modificación posterior que corrixe iso, dáa por boa. En calquera caso, o que se propón é pasar de pagar en función dos metros cadrados a unha tarifa plana.

Sr. García Pazos: A tarifa é única e inferior á que había antes.

Sr. Rodríguez Fernández: A súa discrepancia é porque non se ten en conta a capacidade económica do contribuínte.

Sr. García Pazos: A razón é que se trata dunha taxa, e non dun imposto.

Sr. Rodríguez Fernández: Para establecer a cota da taxa debese ter en conta a capacidade económica do contribuínte. El así o defende, por razóns incluso ideolóxicas. As superficies son baremos que indirectamente determinan a capacidade económica.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: Se fose como di o goberno, por que non o aplican ao lixo. A minoración dos ingresos, debería compensar se con redución dos gastos. En catro anos non se deron conta disto. Na comisión corruxiron a súa primeira idea e apoiaron esta tarifa plana para todos. Aínda así prexudica ás persoas con menos recursos, que pagarán o mesmo que unha gran industria de Porto do Molle. A súa proposta formula un tope máximo, pero sen equiparar a todo o mundo. Limita a 120 euros a taxa nas vivendas mais pequenas. Explica os detalles da emenda, que contempla tamén os supostos de achegas veciñais ao financiamento das redes ou os casos de bombeos necesarios par usar o servizo. Tampouco se sabe de onde sae esa tarifa única que se propón.

Sr. García Pazos: Aquí o que se paga é o tramite administrativo para autorizar a conexión. A taxa pódese baixar por razóns xustificadas. O cálculo ten que ver cos custos da tramitación en función dos tempos que se empregan na mesma e os custos correspondentes, sempre estimados. As perspectivas de maiores ingresos por outros conceptos son cuantiosas.

Sr. González Pérez: As necesidades dos veciños tamén son moitas e coas eleccións non remata o exercicio. Non criticaron a rebaixa e por iso apoiarán a proposta que mais lles convenza.

Sr. Rodríguez Fernández: Non se opón a que se axuste a custes, pero sen perder a perspectiva da capacidade económica dos contribuíntes. Non todo o mundo se vai a beneficiar na mesma medida. Ademais, o que non se paga dunha maneira pagarase doutra.

Sr. Fernández Comesaña: A proposta del vai na liña de ponderar a capacidade económica. Pregunta se se lle vai devolver aos que pagaron cantidades astronómicas. Pensa que se debe actuar con seriedade. O problema mais grave está na acometida que cobra Aqualia, que tamén podería reconsiderarse.

Sr. Alcalde-Presidente: Unha recente sentenza anula unha ordenanza por no ter xustificada a taxa.

Sr. González Pérez: Pensan que a proposta de UCN é mais xusta que a do goberno, aínda que esta mellora a situación actual, por iso tampouco votarán en contra desta última.

Sr. Rodríguez Fernández: A súa discrepancia coa do goberno quedou clara, a da UCN é unha proposta que vai na liña que el apuntou.

Sr. Fernández Comesaña: Agradece o apoio do PSOE e do BNG.

Sr. Alcalde-Presidente: A redución da débeda municipal é froito dun traballo de anos durante a lexislatura. Coa proposta quérese rematar cunha situación inxusta. Os metros non teñen nada que ver co traballo que supón autorizar unha conexión. A taxa actual non é xusta. O Sr Fernández Comesaña puido presentar alternativas antes, e non esperar a este Pleno. A mingua económica, que pode chegar a 50.000 euros, compensarase con outros ingresos. Ademais, a medida favorecerá novas conexións. A elo únese a mellora ambiental que supón que mais xente deixe de usar as foxas sépticas. A proposta do Sr. Comesaña parte de datos falsos, porque actualmente non so se ten en conta a superficie das vivendas, senón tamén a das construcións auxiliares. Por outra parte, tampouco se fan obras por contribucións especiais, que se se repercuten sairíanlle mais caras aos afectados que o pago da taxa. A bonificación dos bombeos tampouco se axusta á filosofía que se defende na emenda.

Sr. González Pérez: Todos estamos de acordo en rebaixar a tarifa, pero unha das propostas é mais beneficiosa.

Sr. Fernández Comesaña: Está exercendo o seu dereito a presentar emendas. Ademais, as contribucións especiais están na propia proposta do goberno, á que el lle engade algún matiz.

Votación e acordo sobre a emenda do Sr. Fernández Comesaña.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación ordinaria (art. 100.2 do ROF), co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 2; grupo Mixto.
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 19/02/2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Antecedentes

Primeiro. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao abeiro do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada a esta polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, así como nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Segundo. O Concello de Nigrán está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 205 do referido Texto refundido e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o Pleno da Corporación municipal **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP co fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a devandita central e as empresas adxudicatarias destes.

SEGUNDO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, que se supedita aos termos do regulamento de funcionamento da Central de Contratación, publicado na paxina Web da FEMP."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica a proposta. Trátase dunha oportunidade de abaratar custes, se o Concello así o considera, como é o caso, de subministro de combustibles, electricidade ou

telefonía. As expectativas de novos contratos poden ser interesanten.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: É necesario fomentar a competencia e a transparencia. A competencia pode verse afectada. As grandes compañías poden ser as mais beneficiadas, e as empresas locais verse prexudicadas.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: Nalgúns contratos pode ser positivo.

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: O convenio non obriga, só permite. A FEMP xa pechou o marco para o subministro eléctrico.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

1.5.- ORDENANZA MUNICIPAL DE CONVIVENCIA CIDADÁ E ORNATO PÚBLICO DO CONCELLO DE NIGRÁN

A) Ditame da Comisión:

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 19/02/2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Expte.2014001977Sv

Tendo o Concello a potestade regulamentaria municipal que constitúe un instrumento mais para encauzar as regras do xogo da convivencia cidadá,

O Concello de Nigrán ten a consideración de municipio turístico aos efectos do previsto na Sección Primeira, Capítulo Quinto, Título Primeiro da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, circunstancia que reforza a necesidade de garantir niveis de excelencia no que se refire á relación dos visitantes e dos cidadáns co espazo público, na garantía do repouso e descanso dos veciños e, en definitiva, na preservación do espazo público como lugar de convivencia e civismo.

Coa ordenanza municipal de convivencia e ornato público, pretendese recoller un compendio de disposicións encamiñadas a acadar os obxectivos de excelencia mencionados.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta as determinacións que se conteñen na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais disposicións aplicables,

proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de convivencia e ornato público do Concello de Nigrán.

SEGUNDO.- Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en consecuencia, someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, no que poderán presentarse reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente Eelevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Presidencia."

B) Emenda da Alcaldía

Artigo 12.- Celebración de actos e eventos en espazos públicos

Redacción inicial

Os organizadores de actos ou eventos en espazos públicos deben garantir a seguridade das persoas e dos bens. A tales efectos deben cumprir coas condicións de seguridade xerais e de autoprotección legalmente esixibles, así como coas que se fixen para cada caso particular polo órgano competente. Cando as circunstancias o aconsellen, o Concello poderá esixir aos organizadores que constitúan unha garantía e/ou subscriban unha póliza de seguro para responder dos danos e prexuízos que podan causarse.

Redacción proposta

Os organizadores de actos ou eventos en espazos públicos deben garantir a seguridade das persoas e dos bens. A tales efectos deben cumprir coas condicións de seguridade xerais e de autoprotección legalmente esixibles, así como coas que se fixen para cada caso particular polo órgano competente. O Concello esixirá aos organizadores o cumprimento dos requisitos previstos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e normativa concordante.

Artigo 19.- Animais en zonas urbanas

Redacción inicial

Prohíbense nas zonas urbanas as vaquerías, establos, cuadras, corrais de gando, canceiras e outras actividades de crianza de animais, así como a explotación doméstica de aves de corral, coellos e outros pequenos animais.

Redacción proposta

Prohíbense nas zonas urbanas as explotacións agrarias tales como vaquerías, establos, cuadras, corrais de gando, aves ou coellos, canceiras e outras actividades de crianza de animais, agás as pequenas explotacións destinadas ao autoconsumo. Neste último caso os propietarios deberán establecer as medidas hixiénico-sanitarias precisas para evitar a causación de molestias á veciñanza, e garantir o bo estado dos animais.

Artigo 25.- Autocaravanas.

Redacción inicial

1. O Concello poderá establecer zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, dotados e acondicionados, abertos ao usuario turístico para a súa ocupación transitoria, non podendo exceder a estadía dunha noite.

2. Prohíbese o estacionamento nas vías ou espazos públicos dos vehículos anteriores fora das zonas especiais establecidas polo Concello.

Redacción proposta

1. O Concello poderá establecer zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, dotados e acondicionados, abertos ao usuario turístico para a súa ocupación transitoria, non podendo exceder a estadía dunha noite.

2. Prohíbese o estacionamento nas vías ou espazos públicos dos vehículos anteriores fora das zonas especiais establecidas polo Concello, cando o dito estacionamento se realice con finalidade residencial ou de pernocta.

Entenderase que existe a dita finalidade cando concorran, entre outros, os seguintes indicios:

a) Que o vehículo non estea en contacto co chan exclusivamente a través das rodas.

b) Que o vehículo ocupe espazo ou voo público a través de fiestras proxectables abertas, mesas, cadeiras, toldos estendidos, ou calquera outro útil fora da mesma.

Artigo 28.- Incorporación material de cesións ao dominio público.

Proposta de eliminar este articulo.

Os arts.28, 29, 30, 31, 32, 33, 34 35, 36, 37, 38 y 39 pasan a renumerarse como 27, 28, 29, 30 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37 y 38 respectivamente

Disposición Transitoria.

Redacción inicial

A efectos do previsto no arts. 17 y 28, e concordantes, concédese un prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Ordenanza durante os que non se aplicarán as medidas sancionadoras previstas na mesma.

Redacción proposta

A efectos do previsto no art. 17 e concordantes, concédese un prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Ordenanza durante os que non se aplicarán as medidas sancionadoras previstas na mesma.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Xerouse na prensa unha falsa sensación de problemas con esta ordenanza. O que se pretende é resolver cuestións da vida cotiá. Preséntase agora unha

emenda polo Goberno, acollendo en parte propostas do BNG; corríxense aspectos sobre a tenza de animais en zonas urbanas, e introdúcese outros matices. A finalidade que se busca é mellorar condicións das relacións cidadás, como por exemplo o que se refire ao “botellón”, botar lixo sen control, ou danar o mobiliario urbano. Refírese á estrutura das ordenanzas, repasando os títulos e os aspectos mais relevantes do articulado. Moitas determinacións reproducen normas xa vixentes, como é o caso dos locais comerciais sen rematar nas súas fachadas, que non se permiten xa nas Normas Subsidiarias. Tamén se trata de evitar consumos de alcohol en espazos públicos que poidan alterar a convivencia. O artigo 12 experimenta un cambio seguindo a iniciativa do BNG. Non é certo que se prohiba a mendicidade. Aclara que se mantén a regulación do art. 18 sen introducir a modificación que se pretendía, para respectar mellor a normativa autonómica. Cambiouse o artigo das autocaravanas, para mellorar a regulación. E fai fincapé no artigo 19, animais en zonas urbanas, o que exclúe as parroquias do interior. Lembra que os usos en solo urbano están regulados na normativa urbanística. Dáselle unha nova redacción para evitar dúbidas. O que non é certo é que se prohiban os galiñeiros, como se dixo na prensa.

D. Manuel Doldán Costas; do grupo Socialista: O Alcalde tivo tempo para abordar esta problemática, e non esperar a última hora. O Alcalde non pode descualificar ao portavoz do PSOE. O do “botellón” xa o puido tratar o Alcalde coa normativa de 2012. Tamén puido acondicionar espazos par auto caravanas. As construcións inacabadas levan moito tempo aí. Agora é un mal momento, porque a crise afecta a eses baixos comerciais. Moitos veciños fixéronlle chegar o seu malestar por esta iniciativa. Pensa que o Alcalde se equivoca.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: Dixo na comisión que non se opuña a unha regulación da convivencia cidadá, pero obxectou diversos aspectos da ordenanza. Así, o que prevía o artigo 12, que supuña a posibilidade de limitar pola vía burocrática certas liberdades ao exixir discrecionalmente a constitución dunha póliza de seguro de 300.000 euros. Por iso considera que o cambio proposto mellora a redacción, pola remisión a normativa vixente na materia. Tamén obxecta a regulación das autocaravanas. Neste caso, o oportuno sería habilitar unha área para elas. A nova redacción mellora un pouco a inicial, pero non queda claro que pasa se non hai zonas habilitadas. Propón que no art. 25.2, na parte que se refire á prohibición do estacionamento nas vías ou espazos públicos dos vehículos anteriores fora das zonas especiais, se engada un inciso que diga: “unha vez establecidas estas polo Concello”. Pensa que a regulación do tempo de pernocta nestas áreas é acertado e que ten que ter unha limitación, pero considera que unha noite pode ser demasiado restritivo e que podería provocar que os turistas non parasen ni tan sequera unha noite, polo que estima mais acertado que esa estadía se amplíe a dúas noites. Tamén ten certas dúbidas no temas das beirarrúas-bici.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de mellorar a convivencia entre peóns e ciclistas neses espazos. Isto debe estar marcado polo sentido común.

Sr. Rodríguez Fernández: No artigo dos animais en zona urbana xa quedou claro que a redacción é mellorable, pero o que esta claro é que había algún problema ca definición das zonas urbanas, porque o goberno así o recoñece. Tamén se debe usar aquí o sentido común. A sorpresa foi a desaparición do artigo 28 sobre cesións a materializar nunhas certas condicións. A explicación do Alcalde é que xa está na normativa urbanística. Pide que se recupere o texto inicial.

Sr. Alcalde-Presidente: Está de acordo coa reincorporación.

Sr. Rodríguez Fernández: Esta conduta de quen retén o que debe ceder é mais reprobable que outras que se sancionan na ordenanza. Suxire outras correccións. No art. 34 apartado a), debería dicir: "... non afecten de xeito grave ou moi grave a salubridade...". O art. 35 apartado e), pasaría a dicir "...cando alteren de xeito grave a convivencia cidadá...". No art. 36, incluír un apartado e), no que se consideraría tamén como infracción moi grave o incumprimento da obriga de incorporar materialmente as cesións de terreos ao dominio público, establecido no artigo 28. No art. 37, propón unha redución das sancións: as leves ata 50 euros; as graves de 51 ata 200 euros, e as moi graves de 201 euros ata 500. No art. 39, propón que a prescrición de infraccións leves sexa de tres meses en lugar dos seis previstos. Non se opón a que quede sobre a mesa.

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: O Alcalde emenda a súa propia proposta. Parece razoable que quede sobre a mesa. Estase improvisando.

Sr. Alcalde-Presidente: A proposta xa estaba coa convocatoria da Comisión Informativa. Na Comisión non se fixo proposta algunha salvo as suxestións do BNG que se trataron de recoller. O que se busca agora é dilatar. Ao Sr. Doldán Costas dille que non fixo nada cando era concelleiro de seguridade. Se o PSOE quere colaborar, en lugar ir á prensa, deberían facer propostas. No tema dos locais trátase de cumprir coas condicións das licenzas. Na época do PSOE tramitaron expedientes por tenzas de animais, en contra do que agora din na prensa. Ademais, o PSOE parece que quere que o Concello axude aos propietarios dos baixos comerciais con cartos públicos para que cumpran coas súas obrigas urbanísticas. Fai referencia a denuncias sobre animais que molestan a veciños. A diferenza é que agora as sancións da ordenanza son mais reducidas.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Refírese á súa opinión, da que se fai eco a prensa. A redacción do tema da mendicidade non está claro. O dos cans soltos e galiñeiros tamén da lugar a malos entendidos. Esta ordenanza é o froito de non practicar o diálogo. O que ven pedindo é que se perfile e se mellore.

Sr. Alcalde-Presidente: Na Comisión non se dixo nada.

Sr. Fernández Comesaña: Crítica a forma que se está levando a cabo ó proceso.

Sr. Rodríguez Fernández: Entende que se acepta a súa proposta en relación coas autocaravanas, no que se refire ás zonas especiais, unha vez establecidas estas. Pero non se dixo nada sobre o de elevar a 2 noites as estadias nas zonas especiais de acollida.

Sr. Alcalde-Presidente: Considera que non procede, unha noite pode tela igual. En resumo, proposta que se vota é a inicial coa emenda, pero reincorpórase o art. 28 e renuméranse os artigos a partir del. Engádese no artigo 36 un apartado e) no que se consideraría tamén como infracción moi grave o incumprimento da obriga de incorporar materialmente as cesións de terreos ao dominio público, establecida no artigo 28. Cámbiase tamén a disposición transitoria, que volve facer referencia ao 28 e concordantes. Modifícase a redacción do art. 25.2 para incluír o inciso "unha vez establecidas estas polo Concello". Corríxese a redacción dos artigos 34 e 35 no sentido proposto polo Sr. Rodríguez Fernández, quen indica que ao final do último

apartado do propio art. 35 debería dicir “ou afecten de xeito grave a salubridade, urbanización ou ornato públicos”.

Votación e acordo sobre a petición do Sr. Fernández Comesaña de deixar o asunto sobre a Mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP e Concelleiro non adscrito.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 6; PSOE.
- Abstencións: Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
O Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto, non vota.

Coa maioría sinalada, e previa a introdución dunha serie de cambios no texto da ordenanza ditaminada pola Comisión Informativa, o Pleno do Concello **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de convivencia e ornato público do Concello de Nigrán, redactada nos seguintes termos:

ORDENANZA MUNICIPAL DE CONVIVENCIA CIDADÁ E ORNATO PÚBLICO DO CONCELLO DE NIGRÁN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A potestade regulamentaria municipal constitúe un instrumento mais para encauzar as regras do xogo da convivencia cidadá.

O Concello de Nigrán ten a consideración de municipio turístico aos efectos do previsto na Sección Primeira, Capítulo Quinto, Título Primeiro da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, circunstancia que reforza a necesidade de garantir niveis de excelencia no que se refire á relación dos visitantes e dos cidadáns co espazo público, na garantía do repouso e descanso dos veciños e, en definitiva, na preservación do espazo público como lugar de convivencia e civismo.

A presente ordenanza recolle nos seus diferentes títulos un compendio de disposicións encamiñadas a acadar os obxectivos de excelencia mencionados.

O Título Preliminar incorpora o marco obxectivo e subxectivo de aplicación da ordenanza e recolle unha carta de dereitos e obrigas dos cidadáns en orde a acadar unha convivencia axeitada.

O Título I recolle unha serie de determinacións en materia de protección e ornato dos espazos públicos, co fin de acadar que o aspecto dos ditos espazos acade os niveis pretendidos.

O Título II percura establecer unha serie de regras básicas coas que se pretende acabar coas molestias xeradas por prácticas como o "botellón", facilitar a coexistencia con animais e garantir un uso respectuoso das praias do municipio.

O Título III contén certas determinacións relativas ao uso das vías públicas para conciliar o seu uso normal con formas alternativas de mobilidade, e para garantir que se da cumprimento ás obrigas que competen aos cidadáns en materia de urbanización.

Por último, o Título IV corresponde ao réxime sancionador, que deberá coordinarse coa normativa xeral en materia de protección da seguridade cidadá, e que deberá servir para garantir o cumprimento das regras anteriormente definidas.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.- Obxecto da ordenanza.

Esta Ordenanza ten por obxecto:

- a) Preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, no que tódalas persoas podan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais.
- b) Protexer os bens públicos e as instalacións e elementos que forman parte do patrimonio municipal fronte ás agresións, alteracións, danos e/ou usos indebidos de que podan ser obxecto, a sanción das condutas incívicas e a reparación ou indemnización dos danos causados.
- c) Previr calesquera actuacións perturbadoras da convivencia cidadá e establecer normas que favorezan o seu normal desenvolvemento, o bo uso e desfrute do espazo e bens públicos, así como a súa conservación e protección.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

A presente Ordenanza aplícase na totalidade do territorio do termo municipal de Nigrán. As medidas de protección comprenden tódolos bens de titularidade pública tales como edificacións e instalacións, mobiliario urbano, viario e urbanización, parques, xardíns e montes públicos, fontes e lavadoiros, vehículos e outros.

A Ordenanza aplícase tamén respecto de espazos, construcións, instalacións e bens de titularidade privada cando dende eles se realicen condutas ou actividades que afecten ou podan afectar negativamente á convivencia nos espazos e bens públicos indicados anteriormente, ou cando o descoido ou a súa falta de mantemento poda implicar consecuencias negativas para a convivencia no espazo público.

Artigo 3.- Obrigas xerais de convivencia e protección dos bens públicos.

1. Os cidadáns están obrigados a respectar a convivencia e a tranquilidade cidadá.
2. Os bens e servizos públicos deben usarse de acordo coa súa natureza e destino, respectando o dereito dos demais cidadáns a desfrutalos.

3. Queda prohibida calquera conduta que supoña un mal uso dos espazos ou bens públicos, ou xere sucidade ou danos neles.

TÍTULO I PROTECCIÓN E ORNATO DE ESPAZOS PÚBLICOS

Artigo 4.- Deber de conservación.

De conformidade co previsto na lexislación urbanística e do solo, os propietarios de terreos, construcións e instalacións teñen o deber de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato.

Artigo 5.- Graffitis, pintadas e outras expresións gráficas.

Prohíbese a realización de calquera tipo de graffiti, pintada, mancha, garabato ou inscrición, con calquera material (tinta, pintura, materia orgánica ou semellantes), así como o raiado de superficies, sobre calquera tipo de fachadas (exteriores, interiores, medianeiras e cubertas de edificios públicos ou privados), ou en elementos, bens ou instalacións públicas.

O Concello poderá autorizar de xeito puntual murais ou graffitis artísticos en elementos, bens ou instalacións públicas, ou en elementos privados, neste caso coa previa autorización do seu propietario.

Artigo 6.- Ornato dos locais comerciais.

Os locais comerciais e baixos das edificacións deberán ter as súas fachadas revestidas e pintadas, non admitíndose remates en ladrillo.

O Concello poderá ordenar a execución das obras necesarias para o remate das partes indicadas das edificacións, de conformidade co previsto na lexislación urbanística.

Artigo 7.- Publicidade.

Prohíbese a colocación de carteis, rótulos, pancartas, adhesivos ou calquera outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda sobre calquera elemento, ben ou instalación pública, agás nos lugares expresamente habilitados ao efecto pola autoridade municipal, e previa a obtención do correspondente título habilitante.

A efectos da imposición de sancións, considerarase responsable da infracción do previsto no parágrafo anterior ás empresas ou entidades anunciantes e a quen realizase a instalación ou colocación.

Artigo 8.- Instalacións normalizadas.

O Concello poderá establecer modelos normalizados e especificar materiais para as diferentes instalacións e mobiliario que se empregarán polos particulares nas diversas formas de ocupación do dominio público.

Artigo 9.- Prevención do vandalismo.

Prohíbense os actos vandálicos e as condutas negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou dos bens, ou causen danos nos elementos, bens ou instalacións públicas.

TÍTULO II CONVIVENCIA CIDADÁ

Artigo 10.- Consumo fora das terrazas de hostalaría.

As consumicións de todo tipo que dispensen os establecementos públicos deberán realizarse no interior do establecemento ou, no seu caso, nas terrazas convenientemente autorizadas ao abeiro da Ordenanza reguladora das terrazas e doutras ocupacións do dominio público municipal (BOP nº 135 do 16/07/10).

Os titulares dos establecementos públicos que permitan as consumicións fora do seu establecemento ou da terraza convenientemente autorizada serán considerados responsables das molestias que se podan producir, aos efectos da aplicación do réxime sancionador correspondente.

Artigo 11.- Prevención do "botellón".

1. Prohíbese a venda de alcohol entre as 22:00 horas e as 9:00 horas do día seguinte. Quedan excluídas da anterior prohibición a venda para o consumo nos propios establecementos autorizados, a venda para distribución a profesionais e a venda nos mercados de abastos, nos seus horarios autorizados.

2. Prohíbese a distribución ou subministro de bebidas alcohólicas nos espazos públicos, mesmo dende vehículos ou instalacións, agás nos supostos expresamente autorizados polo Concello.

3. Enténdese como "botellón" o consumo de bebidas, normalmente alcohólicas, nas vías ou espazos públicos, por un grupo de persoas, cando, como consecuencia da concentración das mesmas ou da acción de consumo, se poda alterar a convivencia cidadá, deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nela situacións de insalubridade. Esta práctica prohíbese nos espazos públicos de Nigrán.

Non se entenderá que existe "botellón" cando o consumo se realice en terrazas de hostalaría autorizadas, nas feiras, romarías ou festexos populares, e naqueles outros supostos que dispoñan do correspondente título habilitante, sempre que non se produzan alteracións do orde público.

Aos efectos do anterior, considerarase que se altera a convivencia cidadá cando concorran alomenos dúas das seguintes circunstancias:

a) Que exista concentración dun elevado número de persoas, en relación coas dimensións do espazo público e a densidade de vivendas na súa contorna.

b) Que as concentracións terán carácter regular e continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.

c) Que existan queixas cidadás reiteradas denunciando molestias derivadas das concentracións aludidas.

d) Que existan problemas hixiénico-sanitarios, insalubridade ou ruídos e molestias á veciñanza.

e) Que existan actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos ou privados.

Artigo 12.- Celebración de actos e eventos en espazos públicos

Os organizadores de actos ou eventos en espazos públicos deben garantir a seguridade das persoas e dos bens. A tales efectos deben cumprir coas condicións de seguridade xerais e de autoprotección legalmente esixibles, así como coas que se fixen para cada caso particular polo órgano competente. Cando as circunstancias o aconsellen, o Concello poderá esixir aos organizadores que constitúan unha garantía e/ou subscriban unha póliza de seguro para responder dos danos e prexuízos que podan causarse. O Concello esixirá aos organizadores o cumprimento dos requisitos previstos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e normativa concordante.

Artigo 13.- Ocupación do espazo público por condutas que adopten formas de mendicidade.

1. Prohíbense as condutas que, baixo a aparencia de mendicidade, representen actitudes coactivas ou de acoso, ou obstaculicen e impidan o libre tránsito dos cidadáns ou vehículos polos espazos públicos.
2. Prohíbense con carácter xeral na totalidade dos espazos públicos do municipio as actividades de gardería, vixilancia ou asistencia ao estacionamento de vehículos, así como outras semellantes.

Artigo 14.- Necesidades fisiolóxicas.

Prohíbese a realización de necesidades fisiolóxicas nos espazos públicos.

Artigo 15.- Residuos urbanos.

1. Os residuos sólidos urbanos depositaranse no interior dos contedores e papeleiras habilitados polo Concello ou nas instalacións do punto limpo de Nigrán, de conformidade co seu regulamento de xestión (BOP nº 134 do 14/07/14). A efectos de todo o anterior respectaranse as determinacións aplicables en materia de recollida selectiva de residuos.
2. Os residuos orgánicos depositaranse no interior de bolsas plásticas convenientemente atadas e aseguradas para evitar o esparexemento dos residuos no interior do contedor. En ningún caso depositaranse os restos de podas, polas de árbores nin outros restos vexetais nos contedores.
3. Prohíbese botar aos espazos públicos calquera tipo de residuo ou desperdicio, restos de poda, mobles ou residuos de obras de construción e demolición, así como os produtos líquidos, lixivias ou deterxentes procedentes da limpeza dos locais ou vivendas.

Artigo 16.- Residuos de animais domésticos.

As persoas que leven animais domésticos (inclusive animais de granxa) por espazos públicos deberán recoller os excrementos sólidos que os mesmos depositen nos ditos espazos. As dexeccións recollidas deberan introducirse nunha bolsa plástica convenientemente atada e depositarse nos contedores para residuos orgánicos.

Artigo 17.- Conexión á rede municipal de saneamento.

1. A conexión á rede municipal de saneamento e a súa utilización efectiva será obrigatoria para todos os usuarios (vivendas, negocios, etc) que se atopen a menos de 100 metros desta. O punto exacto de conexión coa rede municipal será determinado polos servizos técnicos municipais, aínda que como consecuencia delo deba superarse esa distancia.

A distancia medirase dende o límite da parcela que dea fronte á vía que conta co servizo de saneamento. No caso de que a parcela dea fronte a varias vías que contén co dito servizo, a conexión realizarase do xeito menos gravoso para o interesado.

2. Cando non exista obriga de conexión, os usuarios deberán estar provistos de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) que non supoñan un risco para o medio ambiente. Estes sistemas de depuración, que implicarán un vertido directo ou indirecto a dominio público, deberán estar autorizados polo organismo de conca ou administración hidráulica competente.

Corresponde ao usuario a limpeza periódica, conservación e mantemento dos devanditos sistemas autónomos de saneamento, así como o envío dos residuos xerados a un xestor autorizado.

3. Cando, como consecuencia dunha actuación pública ou privada autorizada, un usuario pase a dispor dunha rede de saneamento municipal a menos de 100 metros medidos segundo o expresado no apartado 1º, deberase conectar obrigatoriamente a esa rede e utilizala logo de requirimento municipal, no prazo que neste se fixe e ao seu custe. A conexión implica a clausura dos sistemas autónomos de saneamento preexistentes. Se no prazo de tres meses dende a posta en servizo da nova acometida non se clausurara o sistema autónomo anterior, o Concello procederá a executar os traballos necesarios de forma subsidiaria, correndo os gastos por conta do particular.

Artigo 18.- Presenza de animais nos espazos públicos.

1. Nos espazos públicos os cans deberán estar suxeitos por cadea ou correa. Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán respectar, ademais, a normativa específica que regula a súa tenza.

2. Prohíbese a circulación ou estadía dos cans e cabalos nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas no período comprendido entre o primeiro de xuño e o 30 de setembro de cada ano, así como naqueles outros casos nos que se produzan congregacións elevadas de persoas, ben por eventos organizados ou polas condicións meteorolóxicas. Exceptúanse da prohibición anterior os cans-guía de invidentes e minusválidos, así como nos casos de competicións, exhibicións ou mostras que contén co correspondente título habilitante.

Artigo 19.- Animais en zonas urbanas

Prohíbense nas zonas urbanas as explotacións agrarias tales como vaquerías, establos, cuadras, corrais de gando, aves ou coellos, canceiras e outras actividades de crianza de animais, agás as pequenas explotacións destinadas ao autoconsumo. Neste último caso os propietarios deberán establecer as medidas hixiénico-sanitarias precisas para evitar a causación de molestias á veciñanza, e garantir o bo estado dos animais.

Artigo 20.- Convivencia nas praias.

Prohíbese a circulación, parada ou estacionamento de todo tipo de vehículos nos paseos marítimos peonís e praias do municipio, agás os autorizados.

Artigo 21.- Acampada.

1. A acampada nos espazos de titularidade municipal requirirá da previa e preceptiva autorización do Concello.

2. Prohíbese a acampada libre nas praias do municipio, así como naquelas zonas que estean incluídas na servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre ou hidráulico. Para a acampada na zona de policía do dominio público hidráulico requirirase a previa obtención da autorización do organismo de conca correspondente.

Artigo 22.- Limpeza de fincas privadas.

As fincas sitas en calquera clase de solo deberán manterse en condicións de seguridade, salubridade e ornato, respectando a lexislación en materia de prevención dos incendios forestais.

En particular, as fincas que se atopen dentro do solo urbano ou de núcleo rural e sexan lindeiras con parcelas edificadas deberán estar libres de maleza, e as polas das árbores que eventualmente se atopen naquelas non poderán invadir as citadas parcelas edificadas lindeiras. O Concello poderá ordenar a execución das actuacións precisas para dar cumprimento ás anteriores previsións, de conformidade co previsto na lexislación urbanística.

TÍTULO III USO DAS VÍAS PÚBLICAS

Artigo 23.- Uso inadecuado da vía pública.

Prohíbese a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patíns, monopatíns ou similares fora das áreas destinadas a tal efecto, así como a utilización do mobiliario urbano cos ditos fins.

Artigo 24.- Delimitación de zonas peonís.

Por razóns de seguridade, pola celebración de eventos puntuais ou por outros motivos xustificados, o Concello poderá delimitar zonas de prioridade peonil nas que se poderá restrinxir total ou parcialmente a circulación e o estacionamento de vehículos, determinando as condicións concretas en que deberá desenvolverse a circulación na zona afectada.

Artigo 25.- Autocaravanas.

1. O Concello poderá establecer zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, dotados e acondicionados, abertos ao usuario turístico para a súa ocupación transitoria, non podendo exceder a estadía dunha noite.

2. Prohíbese o estacionamento nas vías ou espazos públicos dos vehículos anteriores fora das zonas especiais, unha vez establecidas estas polo Concello, cando o dito estacionamento se realice con finalidade residencial ou de pernocta.

Entenderase que existe a dita finalidade cando concorran, entre outros, os seguintes indicios:

- a) Que o vehículo non estea en contacto co chan exclusivamente a través das rodas.
- b) Que o vehículo ocupe espazo ou voo público a través de fiestras proxectables abertas, mesas, cadeiras, toldos estendidos, ou calquera outro útil fora da mesma.

Artigo 26.- Circulación de bicicletas.

1. As persoas que se despracen en bicicleta, patíns, monopatíns, patinetes ou aparatos semellantes deberán facelo de conformidade coas normas xerais de circulación. Deberá empregarse o carril-bici ou beirarrúa-bici no caso de que existan.

2. O Concello poderá delimitar vías ciclistas sobre as beirarrúas (beirarrúas-bici), cando as condicións o permitan.

Artigo 27.- Garantía para a reposición da urbanización.

Cando a execución de obras privadas de calquera clase podan supoñer un risco para a integridade dos elementos da urbanización, o Concello poderá impoñer como condicionamento no correspondente título habilitante da obra a necesidade de prestar unha garantía polo importe aproximado da reposición dos elementos de urbanización e servizos que podan verse afectados.

O importe da garantía será valorado a tales efectos polos servizos técnicos municipais.

Artigo 28.- Incorporación material de cesións ao dominio público.

1. As cesións de terreos para a ampliación ou regularización do viario público esixibles legalmente como condicionamento para o outorgamento dunha licenza urbanística ou outro título habilitante, deberán materializarse no prazo concedido no dito título para o inicio das obras.

A materialización da cesión comprenderá a retirada dos terreos cedidos de calesquera instalacións, construcións, peches, cerramentos ou semellantes.

2. En caso de incumprimento, e sen prexuízo da sanción correspondente, o Concello poderá ordenar ao interesado a execución das obras necesarias para acadar a materialización da cesión.

TÍTULO IV RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 29.- Inspección.

Corresponde aos axentes da Policía Local e, no seu caso, aos servizos técnicos municipais, a inspección e control do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

Artigo 30.- Potestade sancionadora.

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 31.- Infraccións.

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, e se clasifican en leves, graves e moi graves.

Artigo 32.- Responsables.

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións ou elementos que ocupen o dominio público, ou os que desenvolvan a actividade infractora.

Artigo 33.- Infraccións cometidas por menores de idade.

1. Cando as persoas infractoras sexan menores de idade, poderán substituírse as sancións pecuniarias por medidas correctoras, tales como asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse motivadamente en función do tipo de infracción e serán proporcionais á sanción que reciba a conduta infractora.

2. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais, titores ou gardadores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles tamén serán responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores que se atopen baixo a súa tutela, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 34.- Infraccións leves.

Considéranse infraccións leves:

- a) O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza, cando non alteren de xeito grave ou moi grave a convivencia cidadá, a tranquilidade ou o exercicio de dereitos de outras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou non afecten de xeito grave ou moi grave á salubridade, urbanización ou ornato públicos.
- b) O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

Artigo 35.- Infraccións graves.

Considéranse infraccións graves:

- a) A reiteración ou reincidencia en calquera infracción leve.
- b) O incumprimento da obriga de conectarse á rede municipal de saneamento (art. 17).
- c) O incumprimento das previsións desta ordenanza en materia de prevención do "botellón" dirixidas a vendedores ou distribuidores de alcohol (art. 11.1).
- d) O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza, cando alteren de xeito grave a convivencia cidadá, a tranquilidade ou o exercicio de dereitos de outras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou afecten de xeito grave á salubridade, urbanización ou ornato públicos.

Artigo 36.- Infraccións moi graves.

Considéranse infraccións moi graves:

- a) A reiteración ou reincidencia en calquera infracción grave.
- b) O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza, cando alteren de xeito moi grave a convivencia cidadá, a tranquilidade ou o exercicio de dereitos de outras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou afecten de xeito moi grave á salubridade, urbanización ou ornato públicos.
- c) Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou bens públicos.
- d) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- e) O incumprimento da obriga de incorporar materialmente as cesións de terreos ao dominio público (art. 28).

Artigo 37.- Sancións.

1. As infraccións a esta Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 100 €
- As graves, con multa de 101 € ata 300 €.
- As moi graves, con multa de 301 € ata 600 €.

2. Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, á natureza e intensidade dos prexuízos causados, ao beneficio obtido, á reincidencia pola comisión de infraccións previstas nesta Ordenanza recollidas en resolución firme, e á intensidade das perturbacións ocasionadas na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos de outras persoas ou actividades, na salubridade ou ornato públicos, no uso do servizo ou espazo públicos por quen teñan dereito a utilizalos, e no normal funcionamento dos servizos públicos.

Artigo 38.- Reparación dos danos e indemnización.

No caso de actos que causen danos a bens de titularidade pública, a resolución do procedemento sancionador conterá un pronunciamiento expreso sobre os seguintes extremos:

a) A esixencia ao infractor da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción.

b) Cando elo non fose posible, a indemnización polos danos e prexuízos causados, se estes quedasen determinados durante o procedemento. Se o importe dos danos e prexuízos non quedou establecido, determinarase nun procedemento complementario, susceptible de terminación convencional, cuxa resolución porá fin á vía administrativa.

Artigo 39.- Prescrición.

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

2. As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano, por infraccións graves aos dous anos e por infraccións moi graves aos tres anos.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se cometese, e o das sancións dende o día seguinte a aquel no que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A efectos do previsto nos arts. 17, 28 e concordantes, concédese un prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Ordenanza durante os que non se aplicarán as medidas sancionadoras previstas na mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Quedan sen efecto as anteriores ordenanzas ou regulamentos relacionados coas materias obxecto da presente Ordenanza.

SEGUNDO.- Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en

consecuencia, someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, no que poderán presentarse reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente Eelevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Presidencia

I.6.- PLAN DE BECAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 19/02/2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación de crise que estamos a vivir e que afecta tan directamente ao traballo, xerando uns índices de desemprego completamente inasumibles para o noso tecido social, é obxecto de especial atención por parte dos concellos e, dentro deles, por aquelas áreas e/ou departamentos con competencias nos ámbitos de desenvolvemento local, formación, emprego por conta allea e/ou propia...

Neste marco, podemos sinalar que os recortes económicos que teñen sufrido as políticas activas de emprego (PAE), supoñen que dende esta administración local se estea a realizar un esforzo paralelo para aplicar medidas de mellora da empregabilidade enmarcadas dentro da Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo Extraordinario de Luxemburgo.

Atopándonos neste contexto, a finais do ano 2014 este goberno comezou a preparar un proxecto enmarcado na liña constante da Concellería de Promoción Empresarial, Emprego e Comercio de favorecer o acceso á formación e ao emprego para todos os/as nosos/as veciños, mediante a elaboración dun borrador de convocatoria de bases para a participación nun programa de becas municipais que, neste ano 2015, terá xa a súa implantación definitiva.

Mediante este proxecto trátase de facilitar a adaptación dos/as desempregados/as ao mercado laboral ampliando a súa experiencia e formación antes de incorporarse a un posto de traballo ordinario. Este goberno entende que a estrutura departamental do concello permitirá a varios/as becarios/as de distintas ramas administrativas e/ou técnicas, mellorar de xeito cuantitativo e cualitativo o seu perfil profesional, mediante a titorización por parte de persoal propio municipal das diferentes áreas de acción municipal, acadando así os/as beneficiarios/as unha importante vantaxe competitiva á hora de optar ás distintas ofertas laborais existentes tanto na administración pública como na empresa privada.

Estas bases teñen por obxecto a convocatoria do Primeiro Programa de Becas Municipais do Concello de Nigrán (PBM) orientado a que as persoas participantes adquiran cualidades valoradas polo entorno empresarial mellorando tanto as súas habilidades profesionais como personais, necesarias para desenvolver a súa carreira profesional en contextos como o actual, altamente competitivos e dotando aos beneficiarios/as das competencias e aptitudes necesaria para facilitar e mellorar a súa inserción no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desenvolvemento profesional nas distintas organizacións empresariais existentes.

Poderán ser beneficiarias destas becas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión das titulacións e perfil específico que se establezan para cada unha das becas finalmente convocadas nos distintos Anexos que acompañan a esta convocatoria.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga III.
- Non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da beca.
- Estar desempregadas inscritas na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Constar empadroadas neste concello, con antigüidade de seis meses, en relación coa data desta convocatoria.
- Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado/a contratado/a polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida ou non ter estado/a de alta como autónomo/a, en actividades relacionadas co obxecto da beca, nen gozar con anterioridade doutra beca de calquera organismo público e/u privado para formarse na súa rama profesional.
- Non estar recibindo ningún tipo de retribución derivada da realización de traballo, tanto por conta allea como por conta propia, así como o cobro das distintas prestacións por desemprego e/ou de calquera outra tipo de becas de similares características.
- Estar dispostas a asumir os gastos de desprazamento ao centro de formación de destino.
- Non estar incursas nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sobre un primeiro borrador elaborado no mes de setembro de 2014 e a instancia dunha providencia (do 01/10/14) dirixida á Secretaría e Intervención Municipal, por parte da Concellería de Promoción Empresarial, Emprego e Comercio, o Secretario Municipal emitíu un informe asinado con data 03/10/14. Este primeiro informe, foi analizado sucintamente pola concelleira, por escrito con data 08/10/14 .

Xa neste ano 2015, de novo a instancia dunha providencia (do 14/01/15) dirixida á Secretaría e Intervención Municipal por parte da Concellería de Promoción Empresarial, Emprego e Comercio, os dous técnicos emitiron informes asinados con data 19/01/15, nos que sinalaban discrepancias en relación con distintos aspectos de fondo e forma recollidos nas bases.

Tendo en conta o recollido nestes últimos informes, o 11/02815 , a AEDL emitíu informe, co visto e prace da concelleira responsable da área, aclarando temas recollidos nos documentos anteriores.

Partindo destes antecedentes, analizada a totalidade da documentación mencionada e, elaborada xa a proposta final de bases de convocatoria, asinada con data 12/02/15, esta Alcaldía formula a seguinte: **PROPOSTA:**

1. Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 217.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, os reparos contidos no informe elaborado polo Interventor Municipal (Rfa . - T 3/15),

do día 19/01/15.

2. Aprobar as bases de convocatoria do primeiro Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán, segundo documento asinado o 12/02/15 pola Alcaldía Presidencia.

3. Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación , polo que atinxe tanto á publicación no BOP como a calquera outro trámite legalmente establecido."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, concelleira Delegada: Explica a proposta, que se orienta a persoas con necesidades formativas. Le a parte dispositiva da mesma.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Hai coincidencia na apreciación crítica que fan os informes. Hai que cuidar as formas, aínda que a iniciativa sexa loable.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto: Non se opoñen ás becas de formación. Pero a dúbida está na posible confusión con postos de traballo. Se as condicións fosen outras non habería tantas dúbidas como as que reflicten os informes.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: Hai reparos da Intervención pola falta de competencia municipal.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, concelleira Delegada: Hai servizos que ven facendo o Concello e o da competencia municipal é discutible. Seguimos as mesmas pautas que a Deputación coas súas becas.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Gustaríalle que os informes fosen favorables.

Sr. Alcalde-Presidente: Agradece o traballo da técnica de emprego e pensa que as formas se respectaron.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.7.- REDACCIÓN DUN ESTUDIO PARA DETERMINAR A VIABILIDADE DUN COMPLEXO DEPORTIVO NO EQUIPAMENTO MUNICIPAL NO S.A.U. 9 DE PORTO DO MOLLE

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 19/02/2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidentencia:

“O Concello de Nigrán dispón de diversos espazos destinados a equipamentos no ámbito do SAU-9 de Porto do Molle, entre eles, un denominado parque deportivo.

Coa finalidade de que ese parque poida ser destinado ao fin que lle é propio, e desexito contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, resulta necesario buscar fórmulas que permitan acadar tal obxectivo.

Tendo en conta as distintas posibilidades que ofrece a normativa aplicable, e os limitados recursos dos que dispón o Concello, cabe explorar a posibilidade de acudir ao procedemento concesional.

Segundo prevé o art. 128 do Texto refundido da Lei de Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, con carácter previo á decisión de construír e explotar en réxime de concesión unha obra pública, o órgano que corresponda da Administración concedente acordará a realización dun estudo de viabilidade da mesma, co contido que prevé o propio precepto.

Polo tanto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Realizar o estudo técnico necesario para determinar a viabilidade da construción e explotación dun complexo deportivo no ámbito do equipamento municipal existente no S.A.U-9 de Porto do Molle, e encomendarlle á Alcaldía que, de conformidade coa lexislación aplicable, contrate a redacción do mesmo. Á vista do seu resultado, a Corporación adoptará a decisión que proceda."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Souto Martínez; concelleiro Delegado: Refírese á xustificación da proposta. Trátase de saber que se pode facer ali. Podía telo decidido o Alcalde, pero pensan que debe pronunciarse o Pleno.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Entende que do que se trata é de analizar as posibilidades desa zona.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: Unha posibilidade é acudir a unha concesión, pero ao mellor o que sae como viable non é o que mais lle interesa a Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se busca é sinalar as necesidades actuais e formular alternativas que terá que valorar o Pleno.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: A viabilidade é un paso previo a calquera concesión. Outra alternativa é a xestión polo Concello. Non se sabe aínda os parámetros da iniciativa. Falta información para poder pronunciarse sobre a cuestión.

D^a. María Dolores Martínez Losada; do grupo Socialista: Hai que ter en conta que actualmente para poder acceder a unha pista cuberta de atletismo hai que desprazarse ata Coruña. Non se debe esquecer que o deporte de alto nivel tamén ten a súa demanda.

D^a. Liliána Silva Pequeño, concelleira Delegada: Considerara que a idea dun polideportivo cuberto pode ser un punto de partida.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.8.- MOCIÓN DE URXENCIA:

I.8.1.- CAMBIO DE USO DO EQUIPAMENTO DP-15 (COTROS): DE DOCENTE PÚBLICO A SOCIO-CULTURAL PÚBLICO

Formulada pola Alcaldía-Presidencia:

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 26 de setembro de 2007, acordou solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación do uso docente dos dous edificios escolares do Viso (aulas e vivendas de mestres) coa finalidade de dedicalos a usos ou servizos públicos de carácter municipal.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da referida Consellería, mediante resolución de 11 de marzo de 2008 autorizou a desafectación solicitada, identificando o ben como EEI "Mestre Don José", ao entender que non era necesario para os usos escolares aos que estaba afectado.

As Normas Subsidiarias de Nigrán seguen cualificando o espazo no que se atopan esas antigas edificacións escolares, así como a zona adxacente situada ao Norte, como equipamento docente público DP-15.

A posibilidade de destinar esas parcelas do Concello a outros usos ou servizos públicos de carácter municipal, como acordara o Pleno, pasa por transformar a actual cualificación urbanística noutra máis adaptada as necesidades actuais; necesidades que apuntan ao uso socio-cultural como o máis axeitado para satisfacelas, o que permitiría, entre outras posibilidades, a instalación alí da biblioteca municipal.

De ser así o Concello podería acollerse ao Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial para 2015, cuxas bases reguladoras están actualmente en proceso de modificación. Esta é a razón de que se someta o asunto ao Pleno pola vía de urxencia.

Por outra parte, a referida transformación ten cabida no sinalado no art. 47.4 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que permite ao concello pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Tendo en conta o sinalado no informe do Arquitecto municipal de 24 de febreiro de 2015 e as disposicións aplicables, proponse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Autorizar, ao abeiro do previsto no art. 47.4 da Lei 9/2002, o cambio de uso das parcelas municipais que configuran o equipamento público DP-15 situado en Cotros, de modo que pasan do uso docente público ao socio-cultural, tamén de titularidade pública, sen prexuízo de manter as dúas zonas verdes previstas nese ámbito polo PXOM aprobado inicialmente.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: O Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación vai prever recursos para Nigrán, e o prazo para presentar proxectos ábrese do 2 de marzo ata o 2 de abril. Vaise redactar o proxecto e fai falta o tempo.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Entende que só se vota o cambio de uso.

Sr. Secretario: Lembra, referíndose ao seu informe, que se trata dun un asunto que require de maioría absoluta, e corresponde ao Pleno a valoración das circunstancias de feito e de oportunidade, en función do interese público, dado que non hai unha determinación normativa que imponha unha solución concreta. O que contempla a norma é un proceso simplificado, porque se trata de pasar dun uso público a outro tamén público, como xa se fixera no caso do centro de saúde.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.

- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.

I.8.2.- TEXTO DEFINITIVO DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI

Formulada pola Alcaldía-Presidencia:

Por acordo plenario do 18 de decembro de 2014 aprobouse inicialmente a Ordenanza reguladora do Servizo de Taxi do Concello de Nigrán. Foi sometida á información pública no boletín oficial da provincia do 14-01-2015, no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello (www.nigrán.org), por prazo de trinta días e non se presentaron alegacións. No trámite de aprobación inicial o Pleno aceptou unha emenda que afecta ao art. 17.1, e que implicitamente deixaba sen efecto o previsto na Disposición Transitoria da Ordenanza. Por razóns de seguridade xurídica o Pleno debería recoñecer a supresión da referida Disposición Transitoria antes de proceder á publicación da Ordenanza. En consecuencia, propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

Declarar expresamente que a aceptación, por acordo plenario do 18 de decembro de 2014, da emenda referida ao art. 17.1 da Ordenanza reguladora do Servizo de Taxi comportou a supresión da súa Disposición Transitoria, polo que esta non debe figurar no texto definitivo da mesma, que será obxecto de publicación.

Deliberación.

O Sr. Secretario lembra que o artigo 17.1, foi emendado á proposta do grupo Socialista, o que veu, de feito, a deixar sen efecto a disposición transitoria. E iso é o que se pretende aclarar agora, de forma que sexa o Pleno quen así o diga expresamente.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 7 de xaneiro de 2015 e o 30 de xaneiro de 2015, ambos incluídos.

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E O DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

-Rfa. T 11/15
-Data de emisión: 31-01-2015

-Epígrafe: Avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do nivel de débeda viva no cuarto trimestre de 2014.

II.3.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDO AO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe conxunto da Tesourería e Intervención municipais, que a seguir se identifica:

- Data de emisión: 30-01-2015
- Epígrafe: Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 4.º trimestre do 2014.

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:*

1.1. No pleno pasado aprobamos unhas partidas para o transporte metropolitano. Un Concello veciño rexeitouno e a Deputación dí que llo paga. ¿Vamos facer unha petición ante a Deputación para que tamén no lo pague a nós?

Sr. Alcalde-Presidente: Polas noticias que eu teño, do mesmo Plan que nós investimos en bibliotecas e demais neste caso Gondomar decide que do plan que lle corresponde unha partida vai directamente para pagar esta cuestión.

2.- *Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:*

2.1. O expediente administrativo 12/0199 SU, relativo ao exercicio sen título habilitante da actividade de garaxe-aparcamento público no Centro Comercial A Romana. Un expediente que tivo unha resolución, para min moi ben fundamentada. Pero quería preguntar, non pola súa resolución, senón polo que pasou antes, xa que antes de poder resolver ese expediente desapareceu do Concello. A min paréceme moi grave que desapareza un expediente de infracción do Concello. É certo que se solucionou coa boa vontade e o traballo dos funcionarios que conseguiron recompoñer o expediente, pero iso non quita o feito da súa desaparición. Non sei se se iniciou algún procedemento de información reservada, ou trataron de delimitar de algún xeito as causas ou as circunstancias polas que puido desaparecer o expediente.

Sr. Alcalde-Presidente: Solicitamos a través da Xunta de Goberno que dalgunha maneira se nos informase onde estaba a última vez en paradeiro coñecido dito expediente. As siglas SU son de servizos urbanos. Houbo unha labor importante para despois seguir coa tramitación, pero si que é certo que houbo un pouco de deixadeza, por parte de algún do departamento correspondente, para extraviar ese expediente. Esa é a cuestión. Igual que se fixo unha labor boa, previamente se fixo unha labor moi mala, que é precisamente extraviar un expediente que, por outro lado, non é nada pequeno. Pero si que pedimos a través da Xunta de Goberno que se nos informase, a través da xefa de negociado, de cal foi o devir do expediente, e de momento non temos ese informe.

3.- *D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:*

3.1. No pasado mes de xuño ditouse polo Xulgado Contencioso-administrativo sentenza número 130/14 pola que se estima parcialmente a demanda interposta pola comunidade de propietarios do edificio Praia de Patos, ordenando a retirada dunha terraza autorizada por decreto de Alcaldía de 14 de maio de 2013. Quería saber que xestións se levan facendo para dar cumprimento a esa sentenza, que despois de oito meses segue a situación igual. Non lle parece arriscado, pola súa parte, non dar cumprimento a sentenza?; ¿é consciente das posibles responsabilidades nas que puidera incurrir?; ¿como xustifica que poida verse obrigado o Concello a ter que pagar unha multa a 100 euros diarios hasta que se execute a sentenza?

Sr. Alcalde-Presidente: Vostede se refire a terraza do “Druída” en Patos, que a verdade é que é unha pena que a alguén lle moleste unha actividade comercial que non se mete con ninguén, e inda por riba os que denuncian son propietarios de vivendas de alí, que por sorte ou por desgraza para eles, eu creo que por desgraza solo veñen un mes ou dous ao ano ou fins de semana. Unha parella xove de Nigrán, con iniciativa pediu a autorización, que se lle concedeu por parte deste concello para instalar esa terraza. Posteriormente, a comunidade de propietarios denunciou, e se lle deu a razón, porque hai unha parte que parece ser que está en territorio privado, e que non ten a autorización da comunidade. Onte mesmo chegoume un requirimento do Xulgado para darlle un prazo variable de oito ou dez días para que se execute. Evidentemente os

propietarios van a executar a sentenza. Eu salvagardarei os intereses do municipio pero a verdade e que me doe ter que obrigar a que esta xente teña que facer iso, porque non lle molesta a ninguén.

Sr. Fernández Comesaña: Eu non entro nestas cuestións, pregunto se se vai cumprir a sentenza Xudicial ou non. Eu tamén fun o primeiro sorprendido cando a sentenza ven a recoñecer que o espazo entre dúas edificacións non se considera dominio público. Pero é que o Concello vaise ver obrigado a ter que pagar multas.

Sr. Alcalde-Presidente: Espero que non; que nese prazo os propietarios executen a sentenza.

Sr. Fernández Comesaña: Igualmente sucede na sentenza 93/14 ditada en novembro do ano pasado, do mesmo xulgado, que ordenaba a retirada da terraza do paseo marítimo do restaurante JR, onde ademais, o concello foi condenado en costas a 250 euros por non haber executado no seu momento a orden ditada polo xulgado.

Sr. Alcalde-Presidente: Evidentemente se lle requiriu ao propietario para que execute a sentenza. Paréceme unha loucura esta situación, porque hai un anaco desa terraza que é competencia de Costas, e Costas non pon ningún impedimento neste momento para que, se necesita unha autorización, dala. O problema agora mesmo é urbanístico. De todos os xeitos a terraza xa está parcialmente desmontada, eu sei de boa tinta que queren resolver o problema.

3.2.- Na pasada legislatura, por outubro de 2010, aprobouse polo pleno a modificación puntual das normas nº 23 para desenvolver o SAU 12, das Angustias, cunha superficie de aproximadamente 25.000 metros cadrados para a construción de 150 vivendas, das cales 50 serían de protección oficial. Despois do período de exposición pública quería saber en que tramite se encontra o expediente e que xestións se fixeron. ¿Puido ter afectado ao desenrolo do expediente o feito de que se aprobara inicialmente o PXOM?, ¿non sería conveniente retomar este tema e darlle un impulso para avanzar?

Sr. Alcalde Presidente: Disto quería informar. Hoxe mesmo a empresa EPTISA que é a que aquí se aprobou a cesión, informoume que a firma ante notario xa se produciu hai un par de semanas e que esperan que o luns depositen os avales na tesourería, para facerse cargo xa completamente dos traballos do PXOM e continuar adiante.

3.3.- No paseo que se levou a cabo en Praia América, dáme a sensación de que podería ter un problema, porque está na marxe esquerda en dirección Ramallosa, e hai unha zona de aparcamento, e se os coches aparcan poderían invadir ese carril. ¿Non sería mais razoables facelo pola marxe dereita, evitando eses posibles percances?

Sr. Alcalde Presidente: Esa mesma pregunta lla fixen eu ao Xefe da Policía Local, porque o normal é que os carrís-bici deben ir na marxe dereita no sentido de circulación. De feito hai rebaixas nas beirarrúas do outro lado, porque a idea orixinal era cruzar nos sitios mais estreitos pasalas á outra beirarrúa, que é mais ancha. Pero o andar cruzando podería xerar cuestións de risco. De ahi que se pinte unha liña branca para que os condutores saiban que non poden sobrepasala.

3.4.- Ten vostede coñecemento que no paseo de Monte Lourido, se reformou un muro invadindo a calzada; ¿ten licencia para facelo?

Sr. Alcalde-Presidente: ¿Un muro ou unha beirarrúa?

Sr. Fernández Comesaña: Un muro

Sr. Alcalde-Presidente: Por que non o denuncia, que vostede ten a obrigaón como representante publico de, onde ve unha infracción, denunciala.

Sr. Fernández Comesaña: Eu pregunto se ten licenza ou non ten

Sr. Alcalde-Presidente: Non o recordo. Se alguén ve un posible delito, que denuncie, e que chame a policía. E que non chame ao Faro de Vigo que ao mellor pon o que non é.

3.5.- Con respecto o tema das palmeiras, ¿ten posto o Concello algún tipo de axuda, con respecto ao fenómeno do picudo?; ¿que medidas de información á cidadanía ten en marcha o Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Se fixo un folleto dando información desta cuestión. Isto xa o falamos, é competencia da Xunta de Galicia, que ten obrigaón de coordinar calquera protocolo para un tema sanitario ou de epidemia. Ten que actuar, porque a competencia é súa. O Concello fixo unhas charlas, trasladando a información para que os propietarios soubesen como se debe proceder no caso de ter unha palmeira infectada polo picudo. Desde a Concellaría de Medio Ambiente estase a dar toda a información aos propietarios, e incluso se puxo unha parcela a súa disposición para enterralas.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.